


CONTRA A PAREDE



Dirección e guión: Fatih Akin.

País: Alemaña.

Ano: 2004.

Duración: 123 min.

Xénero: Drama.

Interpretación: Birol Ünel (Cahit), Sibel Kekilli (Sibel), Catrin Striebeck (Maren), Güven Kıraç (Seref), Meltem Cumbul (Selma), Cem Akin (Yılmaz Güner), Aysel Iscan (Birsen Güner), Demir Gökçöl (Yunus Güner), Stefan Gebelhoff (Nico), Hermann Lause (Dr. Schiller).

Producción: Ralph Schwingel e Stefan Schubert.

Música: Klaus Maeck.

Fotografía: Rainer Klausmann.

Montaxe: Andrew Bird.

Deseño de produción: Tamo Kunz.

Dirección artística: Andreas Thiel.

Vestuario: Katrin Aschendorf.

Estreo en Alemaña: 11 Marzo 2004.

Estreo en España: 26 Novembro 2004

SINOPSE

“Podes rematar coa túa vida sen matarte”, dille o médico. Cahit, de 40 anos, temporalmente recluído nunha clínica psiquiátrica despois dun intento de suicidio, entende a críptica frase: debe volver a comezar. Pero a súa alma atormentada obrígalle a afogar a súa dor no alcohol e nas drogas. Sibel, bela, moza e turco-alemana como Cahit, goza demasiado da vida para ser unha musulmana “decente”. Desesperada por escapar do cárcere da súa devota e conservadora familia, finxe suicidarse. Pero non consegue a liberdade senón a deshonra. Soamente o matrimonio pode salvala. Roga a Cahit que se case con ela. El acepta moi ó seu pesar. Quizá porque quere salvala ou quizá porque quere facer algo por unha vez na súa vida. Comparten piso e pouco máis. Ela goza da súa liberdade. El ve esporadicamente a unha medio noiva. Pero o amor entra na súa vida. A medida que se namora de Sibel, descobre a ledicia, reúne forzas para seguir adiante. Ela segue saíndo con outros ata que, de súpeto, tamén se da de conta de que está namorada de Cahit. Pero xa é demasiado tarde: un ataque de celos remata nun homicidio. Encerran a Cahit no cárcere e Sibel escapa a Turquía. O seu corazón e a súa mente seguen con Cahit, pero, canto durará?



No borde

por **Carolina Urrutia**

“Contra a parede” é do cineasta turco-alemán Fatih Akin, descoñecido ata agora no noso país e laureado ó redor do mundo pola súa anterior película “Im Juli” que lamentablemente non tivemos oportunidade de ver. Akin dedícase a explotar as rabias dos seus protagonistas, xogar cos corpos, coas sensualidade, coa cotidianidade destructiva dun par de inmigrantes (ou fillos de inmigrantes) tan alemáns coma turcos: unha hibridación cultural que cruza o relato oblicuamente.



Unha banda de músicos ás beiras do Bósforo, sobre un escenario feito de alfombras e con Estambul como telón de fondo, abre a película e logo reaparece para separar capítulos e dar respiros. Treguas que apagan a ebulición dun relato intenso, a ratos excesivo. Esta é unha historia de amor que se vai formando a partir de escombros, do aseo que se fai á mañá seguinte dunha noite de troula.

Como as súas personaxes, o relato de Akin é obsesivo e a velocidade da narración vai dependendo do seu frenetismo. “I feel you” de Depeche Mode satura os parlantes – dun coche, dun bar, da sala de cine – nos momentos en que se inserta algunha cadencia da historia. A música que lle da forma á montaxe, que constrúe senso, sensacións, que acentúa estados de ánimo.



Hai una sucidade, unha escuridade que inunda a pantalla – excepto pola banda, que aparece de tanto en tanto, como unha postal, ás ribeiras do río – unha estética que a ratos vólvese orgánica, como si todo fora cor de pel. Un monocromatismo da desnudez que se rompe soamente co vermello intenso do sangue que aparece cando, en momentos de loucura e autodestrución, as personaxes córtanse, nun extravío moi ben retratado: personaxes que se moven sempre ó borde da loucura, sen estar necesariamente tolos, senón máis ben como unha sorte de condena que de antemán os leva ó fracaso. Unha lucidez mal enfocada que se desafoga con baile, con drogas,

con música a toda potencia. Nesa coherencia truculenta Akin vai soltando de pouco ás súas personaxes ó caos, un pouco como Fassbinder e os seus protagonistas decadentes e antisociais. Antiheroes que queren, se non vencer á angustia, alomenos esquecela por un momento. E iso acádase, empatizamos con Cahit, subímonos ó seu coche, estrelámonos contra a parede.

A luminosidade de Sibil cando acada a liberdade perigosa é de dobre fío – unha felicidade que se desborda mentres descobre o mundo -, choca coa escuridade constante de Cahit. Akin logra manterse afastado das súas personaxes, da súa historia, o que axuda a que este melodrama non nos manipule, como ocorre case sempre con argumentos coma este. Aquí a factura, as tomas que a veces se conxelan, os planos fixos, ou os pacíficos paseos por Estambul na segunda parte da cinta, actúan como reforzo á historia que se conta, nunha arritmia coherente ca orde dos acontecementos. É a orde afogada en vinte, trinta latas de cervexa.